



Ignacio Maestro Saavedra, director xeral de Mobilidade declara que o 14 de febreiro de 2017 foi asinada memoria complementaria en relación co proxecto de Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Mos e a empresa Servizos de Autobús Lar, SL, para a integración do transporte municipal de Mos no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na ATM de Vigo, co seguinte tenor literal:

“1. O convenio de colaboración de referencia configúrase como o instrumento para acadar a integración do transporte municipal do Concello de Mos no sistema de transporte metropolitano de Vigo. Deste xeito, as persoas usuarias deste servizo disporán de posibilidades de utilización equivalentes ás doutros servizos de transporte que se desenvolven no conxunto da Area.

Cómpre advertir, primeiramente, que se trata dun servizo público de transporte regular establecido, e da competencia, do Concello de Mos, quen procedeu á súa adxudicación á empresa Servizos de Autobús Lar, SL. Neste sentido, xa o convenio asinado o 4 de marzo de 2015 entre a Xunta de Galicia e 12 concellos da área de Vigo (entre eles, Mos) para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo (Convenio marco, no sucesivo), prevé como un dos seus programas fundamentais o de incremento da oferta de transporte público.

Este plan prevé distintos mecanismos orientados a acadar un incremento na utilización do transporte público, incremento que se incorporou ás estimacións económicas do propio Convenio marco.

Dentro destes mecanismos figura o establecemento de servizos de predominante interese municipal, SIMUS, indicando expresamente que, no caso de presentar déficits de explotación, estes servizos serán financiados ao 100% polos concellos respectivos; igualmente, establece expresamente (cláusula 3.1.2) que aos novos servizos de transporte que se creen de acordo con esta cláusula, SIMU e SIME, resultaranlles de aplicación as vantaxes de política tarifaria e o réxime de bonificacións previstos no plan.

Xa que logo, pódese afirmar que do feito de creación deste servizo (ou da súa integración no Plan de transporte metropolitano) non se deriva incremento de gasto para a Xunta de Galicia, toda vez que corresponde ao Concello de Mos o 100% do aboamento por posibles déficits de explotación.

Indicado o anterior, cómpre sinalar que o Plan prevé a integración deste servizo no sistema tarifario, feito do que indirectamente se producirá un gasto por parte da Xunta de Galicia que, non obstante, considérase incluído nas estimacións iniciais do propio Convenio marco.

Así, a Xunta de Galicia unicamente abonará unha compensación a favor das empresas de transporte interurbano ou de Servizos de Autobús Lar, SL, no suposto de transbordo entre esta liña municipal e





as liñas interurbanas que teñen parada no concello de Mos. Deste xeito, un usuario que faga unha viaxe con dúas etapas (Vigo – Mos en calquera dos servizos interurbanos que teñen este tráfico e, de seguido, Mos – Mos na liña municipal), non terá que pagar nada polo servizo municipal, pois e o importe dese primeiro transbordo (0,85 €) serán abonados pola Xunta de Galicia a Servizos de Autobús Lar, SL. En sentido inverso, tamén terá despenalizado o transbordo na rede interurbana, e a etapa Mos – Vigo será abonada pola Xunta á empresa de transporte interurbano consonte co correspondente nivel de compensación.

Deste xeito, atendendo aos datos dispoñibles e no suposto de que o servizo municipal acadase un volume de utilización anual de 6.000 usuarios e que ata un 20% deles transbordaran ás liñas interurbanas para acceder principalmente a Vigo, o investimento asumido pola Xunta de Galicia situaríase no entorno dos 1.100 euros/ano; e cómpre ter en consideración que parte destes usuarios poderían xa estar utilizando o sistema de transporte público e transbordando entre liñas interurbanas para desprazarse a Vigo, polo que o investimento da Xunta de Galicia podería resultar sensiblemente inferior e, en todo caso, incluído nas previsións de incremento de demanda de transporte incorporada ao propio Plan.

2. Por outra parte, preveuse a inclusión de políticas tarifarias de carácter social no ámbito deste servizo de transporte, como a utilización da TMG Xente Nova para a aplicación dunha tarifa social a favor dos menores. Neste caso, tampouco suporá gasto ningún para a Xunta de Galicia, toda vez que será o Concello de Mos o que sufragará o 100% do custe destas bonificacións tarifarias adicionais de carácter social, incluso con carácter previo á súa xestión por parte da Xunta de Galicia.

Segundo as previsións comunicadas polo Concello de Mos, o custe deste programa para todo o ano elévase a 6.000,00 euros. Este programa xestionarase a través do mecanismo da recorrencia ou da propia tarifa Xente Nova, de xeito que a Xunta de Galicia abonará os seus consumos ás persoas usuarias con dereito a esta tarifa, sempre a mes vencido e logo do ingreso da correspondente contía por parte do concello de Mos.”

